



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 20

TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL.

ARTIGO 1. Fundamento e obxecto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Arteixo establece a taxa por ocupación do subsolo, solo e voo de terreos de uso público local, a que se refire o artigo 20.3.a) da citada R.D. lexislativo 2/2004, de 5 marzo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 57 do citado R.D.lexislativo.

ARTIGO 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta Taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no subsolo, solo e voo de terreos de uso público local.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministro sexa necesario utilizar unha rede que materialmente ocupa o subsolo, solo e voo das vías públicas municipais.

ARTIGO 3. Beneficios fiscais.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados e acordos internacionais.

ARTIGO 4. Suxeitos pasivos.

1. Serán suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o subsolo, solo e voo de terreos de uso público en beneficio particular.

Cando se solicite licenza para a utilización ou aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente.

ARTIGO 5. Responsabeis.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da referida Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da citada Lei xeral tributaria.

ARTIGO 6. Base imponible.

Tomarase como base para a determinación da cota tributaria, o tempo de duración dos aproveitamentos e a magnitude deste, expresada en metros lineais, cadrados ou cúbicos, segundo a natureza da ocupación.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 7. Cota tributaria.

1. OCUPACIÓN DO SUBSOLO

1.1. Por metro lineal ou fracción de entubado, cables ou conducións non pertencentes a empresas explotadoras de servizos públicos, cota anual.....	0,34 €
1.2. Por metro cúbico ou fracción de subsolo ocupado por tanques ou depósitos de líquidos ou gases, cota anual.....	10,18 €

2. OCUPACIÓN DO SOLO

2.1. Postes de madeira, ferro ou cemento, por cada 10 cm de sección ao ano, por unidade.....	0,25 €
2.2. Transformadores, por unidade ao ano.....	3,38 €
2.3. Caixas de amarre ou distribución, por m ² ou fracción ao ano.....	1,35 €
2.4. Carrís ou rieis, por metro lineal ao ano.....	0,08 €
2.5. Aparatos de pesaxe, venda automática, fotografía e similares, por unidade, ao ano.....	7,44 €

3.- OCUPACIÓN DO VOO

3.1. Por cada m/l de enerxía, comunicacións ou gas ao ano.....	0,04 €
3.2. Caixas de amarre ou distribución, por m ² ou fracción, ao ano.....	1,35 €
3.3. Aparatos de venda automática e similares adosados ós edificios de forma que ocupen o voo da vía pública, por cada un, ao ano	7,16 €
3.4. Por cada guindastre utilizado na construción, cun brazo ou pluma que ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, ó mes.....	28,19 €
3.5. Rótulos, toldos ou elementos similares por m ² ou fracción ó ano	1,66 €

4. INDICES CORRECTORES DAS RUAS PÚBLICAS

Cando os anteriores aproveitamentos se produzan en ruas distintas ás de 1ª categoría, as tarifas anteriores terán un coeficiente reductor en función da categoría da rúa, que será determinada en función da categoría das ruas do Imposto sobre Actividades Económicas, independentemente da súa vixencia, a efecto de determinar a cota tributaria:

Ruas de 2ª categoría.....	0,9
Ruas de 3ª categoría.....	0,8
Ruas de 4ª categoría.....	0,7

5. CARÁCTER MÍNIMO

Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se alcance a cifra que deseguido se fixa, percibiranse..... **26,40 €**

ARTIGO 8. Período impositivo e devengo.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

1. O período impositivo coincidirá co ano natural, agás o disposto no punto 7.3.4. do artigo anterior que coincidirá co mes natural. Cando se trate de novas autorizacións para a realización dos aproveitamentos descritos nos artigos anteriores, o período impositivo coincidirá co primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización ou licenza ou se inicie o aproveitamento sen obter a preceptiva licenza.

2. A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novos aproveitamentos que será o primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización ou se inicie o aproveitamento sen ter obtida a preceptiva licenza. As cotas serán irreducibles, sendo prorrateables por trimestres naturais, tanto nos supostos de novos aproveitamentos como de cese da utilización privativa ou aproveitamento especial. Todo o sinalado neste parágrafo será de aplicación a tódolos supostos, agás o reflectido no artigo 7.3.4., que se devengará a partir do momento do outorgamento da autorización ou licenza ou a partir de que se inicie o aproveitamento.

ARTIGO 9. Normas de xestión.

1. No momento de solicita-la autorización para realizar os aproveitamentos previstos nesta Ordenanza, os peticionarios deberán ingresar o importe dos períodos a que se refire a súa instancia. Dito importe será autoliquidado polo suxeito pasivo, con expresión do artigo de suxeición e do/s concepto/s autoliquidados. Non se tramitará o expediente se non se ten efectuado o pagamento correspondente.

2. Revisada a liquidación, practicaranse os abonos ou esixiranse as diferencias que procedan na resolución que se aprobe.

4. Autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial, entenderase prorrogada automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado ou ben sexa declarada a súa caducidade. As baixas producirán efectos a partir do trimestre seguinte a aquel en que se solicita, que de non ser solicitado, a taxa seguirase devengando.

5. O disposto no punto anterior non será de aplicación ós supostos contemplados no artigo 7.3.4., na que o suxeito pasivo, representante ou substituto do contribuínte deberá solicitar, unha vez rematada a ocupación e pretendendo continuar a ocupación, a prórroga correspondente, segundo o disposto nos puntos 1, 2 e 3 do presente artigo.

A autorización para a ocupación descrita no artigo 7.3.4. e o pagamento da taxa correspondente non faculta para realizar outras ocupacións ou utilizacións privativas distintas das enumeradas no precedente artigo.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións tributarias.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente no IPC

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día catro de setembro de 2003.

Foi modificada posteriormente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2004, 28 de xullo de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008. Entrará en vigor, logo da súa publicación no B.O.P., o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.